

1	<b>ANTEPROXECTO DE LEI PARA A APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA ADULTA</b>	
2	<u>Título preliminar</u>	9
3	<u>Disposicións xerais</u>	9
4	<u>Artigo 1. <i>Obxecto</i></u>	9
5	<u>Artigo 2. <i>Ámbito de aplicación</i></u>	9
6	<u>Artigo 3. <i>Definicións</i></u>	9
7	<u>Artigo 4. <i>Obxectivos</i></u>	10
8	<u>Artigo 5. <i>Principios</i></u>	11
9	<u>Título I</u>	12
10	<u>Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta</u>	12
11	<u>Artigo 6. <i>Definición</i></u>	12
12	<u>Artigo 7. <i>Persoas destinatarias</i></u>	13
13	<u>Artigo 8. <i>Oferta formativa</i></u>	13
14	<u>Artigo 9. <i>Ámbitos prioritarios de actuación</i></u>	13
15	<u>Artigo 10. <i>Plan do sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta</i></u>	14
16	<u>Artigo 11. <i>Colaboración con outras institucións</i></u>	14
17	<u>Título II</u>	14
18	<u>Instituto Galego para a Aprendizaxe ao Longo da Vida Adulta</u>	14
19	<u>Artigo 12. <i>Creación</i></u>	14
20	<u>Artigo 13. <i>Obxectivos</i></u>	14
21	<u>Artigo 14. <i>Funcións</i></u>	15
22	<u>Artigo 15. <i>Organización e funcionamento do Instituto</i></u>	16
23	<u>Título III</u>	16
24	<u>Ensinanzas a distancia</u>	16
25	<u>Artigo 16. <i>Principios reitores</i></u>	16
26	<u>Artigo 17. <i>Oferta</i></u>	17
27	<u>Artigo 18. <i>Catálogo de recursos dixitais</i></u>	17
28	<u>Título IV</u>	17
29	<u>Orientación integrada educativa e profesional ao longo da vida</u>	18
30	<u>Artigo 19. <i>Definición</i></u>	18
31	<u>Artigo 20. <i>Principios reitores</i></u>	18
32	<u>Artigo 21. <i>Liñas prioritarias</i></u>	18
33	<u>Título V</u>	19
34	<u>Coordinación e participación administrativa</u>	19
35	<u>Artigo 22. <i>Consello Galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta</i></u>	19

Borrador

37

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

38

**I**

39 A profunda innovación tecnolóxica das sociedades contemporáneas está modificando a un  
40 ritmo vertixinoso a configuración do panorama socioeconómico mundial. A rápida dixitalización  
41 desenvolvida nas últimas décadas e o impulso dunha economía verde baseada no crecemento  
42 sostible implican mercados laborais en permanente evolución e notables transformacións na  
43 vida persoal e profesional en todo o mundo.

44 Esta dobre transición, ecolóxica e dixital, leva aparelado un aumento da demanda de  
45 competencias de alto nivel e esixe notables capacidades de adaptación e de xestión en todas as  
46 carreiras profesionais. As novas formas de actividades económicas resultantes do  
47 desenvolvemento tecnolóxico fan imprescindible que todas as persoas conten coa formación e  
48 capacitación necesarias para participar como cidadáns activos na sociedade do coñecemento.

49 Para que a cidadanía poida acceder a unha formación e unha aprendizaxe inclusivas e de  
50 calidade, é preciso ofrecer políticas e instrumentos eficaces en materia de educación e  
51 formación. Así o considera a Unión Europea na súa Axenda Estratéxica para 2019-2024, na que  
52 mostra unha clara determinación de aplicar a Axenda 2030 das Nacións Unidas e alcanzar os  
53 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. A Axenda parte do concepto economía do benestar,  
54 que sitúa as persoas e o seu benestar no centro das decisións políticas. Entre as súas  
55 prioridades estratéxicas figuran o establecemento dunha base económica sólida e a construción  
56 dunha Europa medioambientalmente sostible, xusta e social. Para logralo, o Consello da Unión  
57 Europea invita os Estados membros a incrementar os esforzos na capacitación e formación das  
58 persoas: só por medio de políticas educativas sólidas se pode construír unha UE máis forte,  
59 máis competitiva, máis cohesionada e máis xusta.

60 Aínda que a formación inicial segue sendo un aspecto fundamental no desenvolvemento das  
61 capacidades dos individuos, hai hoxe un amplo consenso en que debe ser considerada só o  
62 principio dunha vida enteira de aprendizaxe constante, desde a infancia ata as etapas avanzadas  
63 da vida adulta. A visión clásica dunha formación realizada dentro do sistema educativo, desde o  
64 inicio da escolarización ata o remate dos estudos superiores e a incorporación ao mundo  
65 laboral, está amplamente superada e o principio de aprendizaxe permanente ao longo da vida é  
66 xa un elemento nuclear en todas as políticas educativas actuais.

67 A Comisión Europea leva máis de dúas décadas situando a aprendizaxe permanente como un  
68 factor clave do crecemento económico na Unión Europea. Incorporouno entre os obxectivos da  
69 Axenda de Lisboa para o ano 2010 e volveuno situar entre os obxectivos estratéxicos para o ano  
70 2020.

71 Así, o Piar Europeo de Dereitos Sociais, definido no Cumio Social de Gotemburgo (2017), ten  
72 como primeiro principio que «Toda persoa ten dereito a unha educación, formación e  
73 aprendizaxe permanente inclusivos e de calidade, a fin de manter e adquirir capacidades que lle  
74 permitan participar plenamente na sociedade e xestionar con éxito as transicións no mercado  
75 laboral».

76 Esta visión é compartida tamén por organismos supraeuropeos. A Declaración de Incheon,  
77 aprobada en maio de 2015 no Foro Mundial da Educación promovido pola UNESCO e celebrado  
78 en Incheon, República de Corea, coa participación de 160 países, propón directrices para a  
79 educación ata o ano 2030. Unha das súas liñas mestras é que os sistemas educativos deben ser  
80 pertinentes e adaptarse a mercados laborais en constante e profunda transformación. Para  
81 lograr ese obxectivo, a aprendizaxe ao longo da vida, en todos os contextos e niveis educativos,  
82 considérase un elemento esencial das políticas educativas. Iso, naturalmente, require  
83 programas ben deseñados e dotados de suficientes recursos. É imprescindible ofrecer vías de  
84 aprendizaxe múltiples e flexibles que permitan emprender, reanudar e potenciar as  
85 aprendizaxes en todas as idades. Cómpre tamén fortalecer os vínculos entre as estruturas de  
86 aprendizaxe formais e non formais e arbitrar mecanismos de recoñecemento e validación das  
87 capacidades adquiridas por medio da aprendizaxe non formal e informal.

88

## II

89 A transición cara unha economía eficiente no uso dos recursos, dixitalizada e verde, a rápida  
90 implantación da intelixencia artificial e a irrupción da robótica esixen aumentar e diversificar as  
91 oportunidades de aprendizaxe da poboación adulta, de xeito que poida ter as mesmas  
92 oportunidades de formación que as persoas de menor idade.

93 En toda Europa, nun contexto de transformación tecnolóxica, a mellora das capacidades  
94 profesionais da poboación adulta, a súa reciclaxe e perfeccionamento, supoñen un enorme  
95 desafío, en primeiro lugar, porque a participación das persoas adultas en actividades de  
96 aprendizaxe segue a ser escasa e, en segundo lugar, porque as persoas adultas pouco  
97 cualificadas precisan un apoio maior e máis sistemático que os empuxe a participar en procesos  
98 formativos. Unha formación inclusiva e de calidade, que teña en conta todas as modalidades  
99 (aprendizaxe formal, non formal, informal, aprendizaxe no traballo) contribuirá a reducir a  
100 fenda entre persoas traballadoras altamente cualificadas e pouco cualificadas no mercado  
101 laboral e minimizaranse así os riscos de exclusión social derivados das fracturas educativas.

102 A Unión Europea comezou a traballar no marco político da aprendizaxe de persoas adultas no  
103 ano 2000. Desde entón, ese ámbito converteuse nunha prioridade estratéxica e na segunda  
104 década de século recibiu un forte pulo da Comisión Europea a través, especialmente, de dous  
105 importantes instrumentos políticos, o Plan Europeo de Aprendizaxe de Adultos (2011) e a Nova  
106 Axenda de Capacidades para Europa (2016). O Plan Europeo de Aprendizaxe de Adultos partía da  
107 convicción de que a aprendizaxe ao longo da vida adulta constitúe unha peza esencial na  
108 consecución dunha sociedade próspera e xusta e buscaba que os estados membros da UE  
109 fomentasen a mellora das capacidades e competencias da poboación adulta en todas as etapas  
110 da súa vida. A Nova Axenda de Capacidades para Europa (2016) tiña como obxectivo clave  
111 impulsar a formación de persoas adultas con escasas cualificacións e competencias e pretendía  
112 que os 64 millóns de adultos europeos que non finalizaran a educación secundaria puidesen  
113 alcanzar un nivel de competencias lingüísticas, de cálculo e dixitais que lles permitisen obter  
114 unha cualificación de educación secundaria superior ou formación equivalente.

115 Aínda que os esforzos realizados foron notables, o balance feito no ano 2020 amosou que os  
116 resultados obtidos eran menos exitosos do agardado: entre 2011 e 2020, a porcentaxe de  
117 poboación adulta con experiencia formativa recente incrementouse de xeito pouco significativo  
118 e quedou lonxe do obxectivo proposto no Marco Estratéxico de Educación e Formación ET 2020,  
119 que era conseguir que o 15 % dos adultos europeos participasen en actividades de aprendizaxe  
120 para o ano 2020; ademais, as persoas con máis baixa cualificación foron as menos beneficiadas  
121 do acceso a esta aprendizaxe. A baixa participación das persoas adultas en actividades de  
122 aprendizaxe constitúe unha debilidade que dificulta o relanzamento da economía e o impulso da  
123 dobre transición ecolóxica e dixital. Cómpre facer un maior esforzo para que toda a cidadanía  
124 da Unión Europea manteña actualizadas as súas capacidades e poida reciclarse  
125 profesionalmente para así aproveitar todos os seus talentos e desenvolver o seu potencial.

126 Para intentar mellorar eses resultados, a Comisión Europea presentou en xullo de 2020 a  
127 Axenda de Capacidades Europea para a competitividade sostible, a equidade social e a  
128 resiliencia. Esta Axenda de Capacidades inspírase no Piar Europeo de Dereitos Sociais e, en  
129 particular, no seu primeiro principio, que define o dereito a unha aprendizaxe permanente  
130 inclusiva e de calidade. A Axenda está tamén intimamente vinculada ao Pacto Verde Europeo e á  
131 Nova Estratexia Dixital Europea.

132 A Axenda de Capacidades Europea considera que a aprendizaxe permanente ao longo da vida  
133 debe ser a norma na sociedade actual e propón establecer unha serie de obxectivos ambiciosos  
134 baseados nunha premisa clara: para que a aprendizaxe permanente teña éxito, debe ser unha  
135 realidade en cada un dos estados membros da Unión Europea e en cada unha das rexións que os  
136 constitúen. De aí que a Comisión solicite a todos os estados membros da UE que leven a cabo  
137 unha acción colectiva que mobilice os recursos necesarios para facer realidade a aprendizaxe  
138 permanente en Europa.

139 A Acción 8 da Axenda, centrada nas capacidades para a vida, formula con nitidez os obxectivos:  
140 «A Comisión, xunto cos Estados membros, traballará sobre as novas prioridades do Plan  
141 Europeo de Aprendizaxe de Adultos para complementar o marco europeo renovado de  
142 cooperación no ámbito da educación e a formación e para apoiar a consecución dos Obxectivos  
143 de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas. O seu obxectivo será crear uns sistemas de  
144 aprendizaxe de adultos integrais, de calidade e inclusivos, que cheguen a todos e,  
145 principalmente, aos máis necesitados do acceso á formación, en particular a través da  
146 aprendizaxe a distancia e en liña. Dará prioridade a aprendizaxe non formal en todas as facetas  
147 da vida, así como a aprendizaxe interxeneracional, intercultural e comunitaria».

148 A fin de ofrecer resultados, a Comisión Europea propón fixar obxectivos cuantitativos  
149 ambiciosos baseados nunha serie de indicadores que serán obxecto de seguimento ata o ano  
150 2025. Os obxectivos propostos son os seguintes:

151 1. Aumentar significativamente a proporción de adultos que participan en programas de  
152 aprendizaxe. O obxectivo é que, ata o ano 2025, cento vinte millóns de adultos da Unión  
153 Europea participen anualmente en actividades de aprendizaxe.

154 2. Reducir a porcentaxe de poboación adulta pouco cualificada, de modo que ata o ano 2025  
155 catorce millóns de adultos con baixas cualificacións participen cada ano en actividades de  
156 formación.

157 3. Incrementar a porcentaxe de adultos demandantes de emprego que participen nunha  
158 experiencia recente de aprendizaxe. A lo menos o 20% dese grupo.

159 4. Lograr que no ano 2025 dous centos trinta millóns de persoas adultas da Unión Europea  
160 teñan competencias dixitais básicas. Iso significa o 70 % da poboación adulta.

161 Pola súa parte e nesa liña de acción, a Comunidade Autónoma de Galicia conta tamén coa  
162 Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, entre cuxos obxectivos está o de mellorar as  
163 capacidades e competencias profesionais das persoas ao longo da vida, ofrecendo á cidadanía  
164 máis e mellores oportunidades de aprendizaxe.

165 Con respecto ás competencias dixitais, a Comisión Europea presentou en setembro de 2020 o  
166 Plan de Acción de Educación Dixital 2021-2027. Nel propúgnase unha educación dixital e  
167 inclusiva de alta calidade como obxectivo estratéxico de todos os organismos implicados na  
168 educación e na formación na Unión Europea: un mundo en tan rápida mutación, no que o  
169 coñecemento e a innovación son os motores do crecemento económico, require competencias  
170 dixitais sólidas.

171 Na mesma liña que a Axenda de Capacidades, pronúnciase, en febreiro de 2021, a Resolución do  
172 Consello da Unión Europea relativa a un marco estratéxico para a cooperación europea no  
173 ámbito da educación e a formación con miras ao Espazo Europeo de Educación e máis alá (2021-  
174 2030).

175 A Resolución constata que a participación das persoas adultas na educación na Unión Europea  
176 segue sendo baixa e iso «pon en perigo un desenvolvemento económico verdadeiramente  
177 sostible e xusto». De aí que, dentro das súas prioridades estratéxicas, considere necesario  
178 impulsar as innovacións nos itinerarios de aprendizaxe e os novos enfoques educativos, pois son  
179 condición sine qua non para satisfacer a necesidade de que un número cada vez maior de  
180 persoas adultas poida mellorar as súas capacidades a través da aprendizaxe permanente e  
181 garantirse así a igualdade de oportunidades e a activa participación social. Finalmente,  
182 establece tamén a Resolución, como prioridade estratéxica, asegurar a permeabilidade e  
183 flexibilidade entre os diferentes itinerarios de aprendizaxe, así como recoñecer e validar a  
184 aprendizaxe non formal e informal.

185 A Resolución do Consello da Unión Europea sobre un novo plan europeo de aprendizaxe de  
186 persoas adultas 2021-2030 establece como obxectivo xeral aumentar e mellorar a oferta,  
187 promoción e aceptación das oportunidades formais, non formais e informais de aprendizaxe  
188 para todas as persoas. Os principais ámbitos prioritarios establecidos son:

189 1. Gobernanza. Para crear asociacións entre as administracións, os provedores de formación e  
190 os interlocutores sociais que permitan un enfoque integral da aprendizaxe de persoas adultas.

191 2. Subministro e aceptación de oportunidades de aprendizaxe permanente. Para concienciar as  
192 persoas adultas sobre a importancia da aprendizaxe. Favorecer a aprendizaxe personalizada, a  
193 orientación e o compromiso entre os empregadores e o financiamento público.

194 3. Accesibilidade e flexibilidade. Para adaptarse ás necesidades formativas da poboación adulta.

195 4. Calidade, equidade, inclusión e éxito na aprendizaxe de persoas adultas. Para a  
196 profesionalización da aprendizaxe de persoas adultas e establecemento de sistemas de  
197 calidade.

198 5. A transición ecolóxica e dixital.

199

### III

200 No ámbito español, e seguindo as directrices marcadas pola Estratexia de Lisboa (2000), o  
201 concepto de aprendizaxe ao longo da vida adquire un enfoque plenamente integrador na Lei  
202 Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. A Lei inspírase, entre outros principios, na  
203 concepción da educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de  
204 toda a vida e establece que as Administracións públicas promoverán ofertas de aprendizaxe  
205 flexibles para conseguir que toda a poboación alcance, como mínimo, unha formación de  
206 educación secundaria postobrigatoria ou equivalente. A dita Lei Orgánica dedica o capítulo IX do  
207 Título I á educación de persoas adultas e fixa como obxectivo que todas as persoas teñan a  
208 posibilidade de actualizar e ampliar os seus coñecementos e capacidades para o  
209 desenvolvemento persoal e profesional. Establece tamén un marco flexible para recoñecer as  
210 capacidades adquiridas por medio de aprendizaxes non formais e potencia o desenvolvemento  
211 de iniciativas formativas a distancia e en liña.

212 A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de  
213 maio, de Educación, engade no artigo 67 o punto 10 "As Administracións educativas, en  
214 colaboración coas administracións competentes en materia de emprego, impulsarán medidas  
215 de orientación profesional que fomente a aprendizaxe ao longo da vida e a mellora da  
216 cualificación das persoas adultas, garantindo as ofertas de formación necesarias".

217 Tamén engade esta lei o novo artigo 70 bis, Tecnoloxías dixitais e formación de adultos, no que  
218 se indica que os poderes públicos impulsarán o desenvolvemento de formas de ensinanza que  
219 resulten da aplicación preferente das tecnoloxías dixitais á educación, e se potenciará o  
220 desenvolvemento de iniciativas formativas e a elaboración de materiais didácticos en soporte  
221 electrónico. Tamén sinala este artigo que se facilitará a extensión das ensinanzas a distancia e  
222 o seu acceso a través das tecnoloxías dixitais.

223 O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece que «É da plena competencia  
224 da Comunidade Autónoma Galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa  
225 extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias».

226 En uso desa competencia, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/1992, do 24 de xullo, de  
227 educación e promoción de adultos, que serviu para dotar á Comunidade galega dun marco  
228 normativo capaz de impulsar de xeito decisivo a formación de persoas adultas: promoveu a

229 creación de centros específicos de formación de persoas adultas, impulsou a colaboración e a  
230 coordinación das accións educativas realizadas polas distintas institucións da Comunidade  
231 Autónoma e potenciou a formación do profesorado no ámbito da educación de persoas adultas.

232 A experiencia dos trinta anos transcorridos desde a súa aprobación aconsella unha fonda  
233 revisión e actualización das liñas vertebradoras e dos obxectivos da Lei 9/1992, de 24 de xullo,  
234 de educación e promoción de adultos. A sociedade galega da terceira década do século XXI  
235 presenta novas realidades ás que non poden ser alleas as políticas educativas: unha Galicia  
236 plenamente comprometida coa Axenda 2030 das Nacións Unidas e cos seus Obxectivos de  
237 Desenvolvemento Sostible, unha economía cada vez máis baseada no coñecemento e na  
238 innovación, que busca facer un uso sostible dos recursos, que desenvolve redes intelixentes e  
239 tecnoloxías verdes e na que é imprescindible lograr que o nivel de cualificacións e capacidades  
240 profesionais das persoas se adapte cada vez mellor ao mercado laboral.

241 Mención especial merecen os profundos retos demográficos e de organización territorial que  
242 debe afrontar a sociedade galega: os procesos de envellecemento poboacional ofrecen uns  
243 indicadores demográficos que levan a falar en ocasións de demotanasia. O saldo vexetativo da  
244 poboación é negativo desde a década dos 90, pero vén acentuándose nos últimos trinta anos:  
245 practicamente todos os concellos galegos superan o 15 por cento de maiores de 65 anos, valor  
246 considerado estándar do envellecemento poboacional.

247 A despoboación tan acusada do mundo rural convive cun proceso de concentración urbana en  
248 determinadas zonas que acentúa os desequilibrios territoriais e provoca unha profunda fenda  
249 demográfica entre a Galicia litoral e a interior.

250 O combate contra o declive demográfico está, dende hai tempo, entre as prioridades das  
251 Administracións públicas galegas e a mellor evidencia é a promulgación da Lei 5/2021, de 2 de  
252 febreiro, de impulso demográfico de Galicia. Dentro das políticas públicas para o impulso  
253 demográfico, o capítulo VII do título II da Lei aborda a promoción do envellecemento activo o  
254 saudable da poboación: a Administración autonómica comprométese a impulsar plans de  
255 inclusión e alfabetización dixital, a colaborar co Sistema Universitario de Galicia na  
256 consolidación dos estudos de cuarto ciclo, para actualizar coñecementos e adquirir novas  
257 competencias, e a favorecer o impulso das relacións interxeneracionais, fonte permanente de  
258 aprendizaxe informal.

259 As políticas educativas non poden por si soas reverter a difícil situación demográfica, pero si  
260 contribuír de maneira decisiva a aminorar o declive con medidas e propostas de aprendizaxe  
261 permanente enriquecedoras que axuden a potenciar a cohesión social e territorial.

262 En suma, a aprendizaxe ao longo da vida non se limita a un modelo formativo nin a un  
263 determinado contexto nin a un período específico da vida; baséase nun enfoque educativo  
264 holístico e supón procesos constantes de adquisición, recoñecemento, intercambio e adaptación  
265 de capacidades. A alfabetización dixital resulta imprescindible nunha sociedade impulsada pola  
266 tecnoloxía e a cidadanía non sempre conta cos instrumentos necesarios para abordar a enorme  
267 cantidade de información que lle chega por vía dixital.



268 Por todo o exposto, considérase necesaria a presentación dunha nova lei que dea resposta ás  
269 necesidades formativas da cidadanía galega na terceira década do século XXI, unha lei que  
270 afronte os enormes desafíos que a dobre transición ecolóxica e dixital esixe, que impulse de  
271 xeito rotundo a adquisición dunhas sólidas competencias dixitais, que ofrezca un acceso flexible  
272 e máis amplo á aprendizaxe e que contribúa a fortalecer a capacidade de resiliencia dos  
273 individuos para, mellorando as súas capacidades, aumentar o seu potencial de xestionar as  
274 transicións profesionais e persoais. A tal fin, o Parlamento de Galicia vén de aprobar a Lei para  
275 a aprendizaxe ao longo da vida na Comunidade Autónoma de Galicia.

276

#### IV

277 A presente Lei estrutúrase nun título preliminar, cinco títulos, una disposición adicional, unha  
278 disposición derogatoria e dúas disposicións finais.

279 O título preliminar recolle as disposicións xerais da lei, o seu obxecto, ámbito de aplicación, as  
280 definicións, os obxectivos e os principios aos que deberán atender os plans e programas do  
281 sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida para dar cumprimento aos obxectivos da  
282 lei.

283 O título I regula o sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, establecendo as  
284 persoas destinatarias, a oferta formativa e os ámbitos prioritarios de actuación. Así mesmo,  
285 dispónse a elaboración dun Plan co obxecto de concretar as accións a levar a cabo para lograr  
286 os obxectivos previstos na lei, e a colaboración con outras entidades e institucións públicas ou  
287 privadas.

288 O título II crea o Instituto Galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, como centro de  
289 referencia das ensinanzas do sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, no  
290 ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

291 O título III, adicado ás ensinanzas a distancia, establece os seus principios reitores, o oferta de  
292 calidade e actualizada de tales ensinanzas, e o catálogo de recursos dixitais.

293 O título IV define e regula a orientación integrada educativa e profesional ao longo da vida, e o  
294 título V baixo o epígrafe Coordinación e participación administrativa, crea o Consello Galego  
295 para a aprendizaxe ao longo da vida adulta como órgano consultivo e de participación para a  
296 coordinación e seguimento das actuacións do Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da  
297 vida adulta, e establece como elementos integrantes do citado Sistema, a supervisión e a  
298 avaliación dos programas e os mecanismos de garantía de calidade, mediante un sistema de  
299 xestión daquela.

300 Polo que respecta á disposición adicional única establece que por orde da persoa titular da  
301 consellería competente en materia de educación poderán establecerse os requisitos específicos dos  
302 centros privados que soliciten autorización para impartir ensinanzas regradas a distancia recollidas  
303 na lei.

304 A disposición derogatoria única, derroga a Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de  
305 adultos e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela.

306 Finalmente as disposicións derradeiras adócanse ao desenvolvemento normativo, autorizando ao  
307 Consello da Xunta a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o mesmo, e a súa entrada en  
308 vigor, aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

309 Esta lei axústase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do  
310 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao responder as medidas  
311 previstas na mesma á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida  
312 proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao contemplarse na norma os obxectivos perseguidos e  
313 a súa xustificación e ao promoverse a participación cidadá no procedemento de elaboración da  
314 norma, como esixen os principios de transparencia e accesibilidade, e ao introducirse a través  
315 da mesma, conforme os principios de seguridade xurídica e simplicidade, as modificacións  
316 precisas nas disposicións vixentes.

317 No procedemento de elaboración desta lei promoveuse a participación cidadá a través do  
318 Portal de transparencia e Goberno aberto. Así mesmo, na tramitación do anteproxecto de lei  
319 seguíronse os trámites previstos na normativa de aplicación, incluídos o ditame do Consello  
320 Escolar de Galicia e o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

321 Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do  
322 Estatuto de Autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas  
323 reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei para a  
324 aprendizaxe ao longo da vida adulta.

## TÍTULO PRELIMINAR

### **Disposicións xerais**

#### *Artigo 1. Obxecto*

325 A presente lei ten por obxecto a regulación e a organización dun sistema de aprendizaxe ao  
326 longo da vida adulta en Galicia que responda de maneira eficiente ás necesidades de formación  
327 permanente da cidadanía galega, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e  
328 o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia.

329 A formación ao longo da vida, entendida como o conxunto de procesos organizados de  
330 educación formal ou non formal para que as persoas adultas amplíen os seus coñecementos,  
331 melloren as súas competencias tanto técnicas como profesionais e desenvolvan as súas  
332 aptitudes e a súa capacidade crítica, favorecerá o desenvolvemento integral das persoas desde  
333 unha perspectiva persoal e profesional e impulsará o desenvolvemento sostible de Galicia nos  
334 ámbitos social, económico e cultural.

#### *Artigo 2. Ámbito de aplicación*

335 O ámbito de aplicación da presente lei refírese a todas as actuacións, formais e non formais, en  
336 materia de aprendizaxe ao longo da vida adulta de ámbito non universitario desenvolvidas na  
337 Comunidade Autónoma de Galicia promovidas por iniciativa pública, privada ou mixta.

### Artigo 3. *Definicións*

338 Aos efectos de esta Lei, enténdese por:

- 339 1. *Formación inicial.* Formación realizada dentro do sistema educativo, dende o comezo da  
340 escolarización ata o seu remate-previa á incorporación ao mundo laboral.
- 341 2. *Aprendizaxe ou educación formal.* Aprendizaxe que resulta dunha educación  
342 institucionalizada, intencionada e planificada por organismos públicos e privados acreditados,  
343 conducente a unha titulación, acreditación ou certificación oficial.
- 344 3. *Aprendizaxe ou educación non formal.* Aprendizaxe que resulta dun proceso de formación  
345 estruturado, planificado por distintos provedores de formación, que se desenvolve fóra do  
346 sistema educativo e que non conduce á obtención de titulación, acreditación ou certificación  
347 oficial.
- 348 4. *Aprendizaxe informal.* Aprendizaxe que resulta de procesos non programados nin  
349 planificados, senón que é consecuencia das actividades relacionadas coa vida cotiá, co círculo  
350 familiar, co traballo ou coas actividades de lecer.
- 351 5. *Capacidades.* Conxunto de habilidades que permiten realizar procesos e obter resultados a  
352 partir dos coñecementos existentes.
- 353 6. *Competencias básicas.* Coñecementos e habilidades necesarios para a realización e o  
354 desenvolvemento persoal, para participar activamente na sociedade e mellorar a  
355 empregabilidade.
- 356 7. *Competencia profesional.* Conxunto de coñecementos e destrezas que permiten o exercicio  
357 da actividade profesional, conforme ás esixencias da produción e do emprego.
- 358 8. *Cualificación.* Competencia para o desenvolvemento dunha actividade profesional  
359 acreditada oficialmente por títulos, certificados ou acreditacións.
- 360 9. *Programas de formación e integración en competencias lingüísticas.* Formación de  
361 actualización lingüística e comunicativa dirixidos á cidadanía que desexe consolidar a súa  
362 competencia en linguas estranxeiras e programas específicos dirixidos a poboación inmigrante  
363 que permitan a adquisición e certificación de competencias lingüísticas nas linguas oficiais da  
364 Comunidade Autónoma de Galicia.
- 365 10. *Programas de mellora das competencias clave.* Formación destinada ás persoas adultas que  
366 abandonaron o sistema educativo sen obter ningunha titulación, así como ás persoas  
367 inmigrantes que non teñan titulación acreditada ou homologada.
- 368 11. *Programas orientados a potenciar o envellecemento activo e saudable.* Programas de  
369 aprendizaxe dirixidos a persoas adultas en etapas avanzadas da vida.

### Artigo 4. *Obxectivos*

370 A presente lei ten os seguintes obxectivos:

- 371 1. Impulsar na Comunidade Autónoma de Galicia unha sólida cultura da aprendizaxe  
372 permanente, facilitando que as persoas —sexan estudantes, empregadas, desempregadas ou  
373 inactivas— adquiren e desenvolvan capacidades ao longo de toda a vida.
- 374 2. Facilitar que todas as persoas conten coas condicións necesarias para obter as titulacións do  
375 sistema educativo non universitario por medio dunha oferta adaptada ás súas necesidades
- 376 3. Potenciar a equidade social, garantindo a igualdade de oportunidades de acceso e  
377 participación na aprendizaxe permanente a todas as persoas, en particular ás que residen no  
378 ámbito rural e aos grupos máis vulnerables e desfavorecidos. Fomentar, así mesmo, a igualdade  
379 de acceso á formación de homes e mulleres, acabando cos estereotipos de xénero nas  
380 traxectorias formativas.
- 381 4. Garantir que as persoas adultas poidan adquirir as capacidades profesionais necesarias para  
382 mellorar a súa empregabilidade e a súa adaptación a contextos laborais en permanente  
383 evolución.
- 384 5. Fortalecer, en colaboración coas distintas administracións públicas, o sistema de avaliación e  
385 acreditación das competencias profesionais adquiridas mediante a experiencia laboral e  
386 mediante vías non formais de aprendizaxe.
- 387 6. Impulsar itinerarios de aprendizaxe flexibles específicos para persoas privadas de liberdade  
388 que favorezan a realización persoal, a mellora das competencias profesionais e, en  
389 consecuencia, o proceso de reintegración social das participantes.
- 390 7. Actualizar e potenciar de xeito singular as modalidades de aprendizaxe en liña, facendo delas  
391 unha opción atractiva en particular para as persoas adultas, que habitualmente necesitan  
392 conciliar a aprendizaxe coa vida familiar e profesional.
- 393 8. Impulsar itinerarios de aprendizaxe flexibles, mellorando as conexións entre as distintas  
394 modalidades e niveis formativos, e favorecer a configuración de traxectorias de formación  
395 adaptadas ás necesidades e intereses de cada individuo.
- 396 9. Fomentar o envellecemento activo das persoas para, optimizando o seu benestar físico,  
397 social e mental, ampliar a esperanza de vida saudable. A aprendizaxe ao longo da vida, o  
398 desenvolvemento das capacidades persoais, a curiosidade intelectual, a aprendizaxe polo pracer  
399 da aprendizaxe son instrumentos que permitirán potenciar a calidade de vida en idades  
400 avanzadas.
- 401 10. Adoptar as medidas necesarias para desenvolver un sólido sistema de orientación que  
402 asesore ás persoas sobre as oportunidades adecuadas de aprendizaxe en cada etapa da súa  
403 vida.

#### Artigo 5. Principios

404 Esta lei rexerese polos seguintes principios:

- 405 1. Promover unha percepción social positiva da aprendizaxe permanente e dos beneficios que  
406 proporciona ás persoas a participación en procesos constantes de adquisición e mellora de  
407 competencias.
- 408 2. Aplicar estratexias eficaces de toma de contacto, orientación e motivación que inviten a  
409 emprender, retomar e actualizar as aprendizaxes en todas as etapas da vida.
- 410 3. Desenvolver ofertas formativas flexibles, adaptadas ás necesidades das persoas adultas,  
411 que favorezan a conciliación da aprendizaxe coa vida persoal e laboral, faciliten as transicións  
412 entre os distintos niveis formativos e conecten a aprendizaxe formal e non formal.
- 413 4. Impulsar unha metodoloxía centrada nos discentes, baseada nun enfoque educativo  
414 holístico, apoiada nas tecnoloxías dixitais, nos recursos educativos abertos e que potencie a  
415 aprendizaxe a distancia.
- 416 5. Favorecer que as persoas que abandonaran prematuramente o sistema educativo poidan  
417 volver a el de forma flexible. Promover programas de cualificación de segunda oportunidade,  
418 especialmente dirixidos aos grupos máis desfavorecidos e vulnerables.
- 419 6. Reforzar de xeito resolto os programas que impulsen a igualdade efectiva entre homes e  
420 mulleres.
- 421 7. Determinar, avaliar e acreditar as capacidades adquiridas nos distintos programas  
422 formativos, incluídos aqueles integrados nas vías de aprendizaxe non formal.
- 423 8. Promover oportunidades continuas de formación e crecemento profesional entre o persoal  
424 docente e lograr aumentar así as porcentaxes de profesorado altamente competente e  
425 motivado.
- 426 9. Reforzar os mecanismos de cooperación entre as institucións educativas e os diferentes  
427 axentes sociais para afianzar estratexias de aprendizaxe sólidas e inclusivas.
- 428 10. Velar pola pertinencia da formación para o mercado laboral, adaptada ás necesidades do  
429 tecido produtivo, aumentar o atractivo da Formación Profesional para estudantes e empresas,  
430 potenciar a aprendizaxe no traballo e ampliar a colaboración entre institucións educativas e o  
431 mundo laboral.
- 432 11. Incorporar mecanismos que permitan supervisar e avaliar a calidade dos diferentes plans e  
433 programas.
- 434 12. Contribuír a achegar as ensinanzas á poboación, facilitando a admisión, matrícula, e  
435 aprendizaxe a través das tecnoloxías da información e a comunicación.
- 436 13. Promover a colaboración dos departamentos da Xunta de Galicia que desenvolvan  
437 actuacións no ámbito da formación ao longo da vida adulta.

## TÍTULO I

### **Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta**

Artigo 6. *Definición*

438 O sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta é o conxunto de todos aqueles  
439 instrumentos, accións e ensinanzas, que permitan ás persoas destinatarias formarse dentro e  
440 fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas  
441 capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu  
442 desenvolvemento persoal e profesional.

Artigo 7. *Persoas destinatarias*

443 As persoas destinatarias do Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta son  
444 todas aquelas persoas adultas que emprendan na Comunidade Autónoma de Galicia unha  
445 actividade de aprendizaxe co obxectivo de mellora persoal ou profesional.

446 As persoas con baixa cualificación profesional ou en risco de exclusión social serán obxecto de  
447 atención preferente dos plans e programas establecidos nesta lei.

Artigo 8. *Ensinanzas*

448 As ensinanzas para persoas adultas do Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida  
449 serán as seguintes:

- 450 1. Ensinanzas básicas iniciais, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, así como a  
451 preparación para as probas de obtención de títulos.
- 452 2. Ensinanzas de formación profesional, incluíndo a formación conducente a facilitar o acceso a  
453 estas ensinanzas, ás probas libres para a obtención de títulos e ás probas para a obtención de  
454 carnés e habilitacións profesionais.
- 455 3. Ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas.
- 456 4. Formación en competencias dixitais, ensinanzas de castelán e galego e os elementos básicos  
457 da cultura para a integración das persoas inmigrantes, así como outras ensinanzas non formais.
- 458 5. Formación aberta. Comprenden cursos en liña abertos.
- 459 6. Todas aquelas outras ensinanzas que se determinen, de acordo cos departamentos con  
460 competencia na materia.

Artigo 9. *Ámbitos prioritarios de actuación*

461 Para acadar os obxectivos previstos na presente Lei, o sistema galego de aprendizaxe ao longo  
462 da vida desenvolverá as súas actuacións prioritarias nos seguintes ámbitos:

- 463 1. Programas de mellora das competencias clave.
- 464 2. Programas de mellora das competencias dixitais.
- 465 3. Formación profesional a distancia.
- 466 4. Programas orientados á obtención de títulos do sistema educativo non universitario.
- 467 5. Programas de formación e integración lingüística en idiomas.

- 468 6. Programas orientados a potenciar o envellecemento activo e saudable.  
469 7. Programas orientados a potenciar a innovación na aprendizaxe de persoas adultas.  
470 8. Formación de formadores.

*Artigo 10. Plan do sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta*

- 471 1. A consellería con competencias en materia de educación elaborará, en colaboración co resto  
472 de departamentos competentes en materia de formación, un Plan do sistema galego para a  
473 aprendizaxe ao longo da vida adulta, co obxecto de concretar as accións a levar a cabo para  
474 lograr os obxectivos desta lei.
- 475 2. O Plan terá carácter plurianual e será elaborado a partir do diagnóstico das necesidades e  
476 demandas do conxunto da sociedade no ámbito do sistema galego para a aprendizaxe ao longo  
477 da vida adulta.

*Artigo 11. Colaboración con outras institucións*

- 478 1. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer canles de  
479 colaboración con outras entidades e institucións públicas ou privadas co obxectivo de promover  
480 a aprendizaxe ao longo da vida adulta.
- 481 2. Esta colaboración establecerase a través de convenios para aquelas accións que respondan  
482 aos obxectivos programados en materia de aprendizaxe permanente.

## TÍTULO II

### **Instituto Galego para a Aprendizaxe ao Longo da Vida Adulta**

*Artigo 12. Creación*

- 483 1. Créase o Instituto galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta (IGALVA) adscrito á  
484 consellería competente en materia de educación, como centro de referencia das ensinanzas do  
485 sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, no ámbito territorial da  
486 Comunidade Autónoma de Galicia.
- 487 2. Por orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación establecerase  
488 a estrutura e o funcionamento do IGALVA tendo en conta os obxectivos e os principios do  
489 Sistema galego de aprendizaxe ao longo da vida adulta.

*Artigo 13. Obxectivos*

- 490 Os obxectivos do Instituto galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta son:
- 491 1. Desenvolver accións formativas por medios telemáticos que contribúan a implantar unha  
492 sólida cultura da aprendizaxe permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

- 493 2. Potenciar o emprego da tecnoloxía dixital ao servizo da aprendizaxe e do rendemento  
494 educativo.
- 495 3. Impulsar unha aprendizaxe en liña permanente, eficaz e inclusiva en todas as etapas da vida.
- 496 4. Promover novos contextos, ferramentas e metodoloxías de aprendizaxe a distancia, en  
497 particular os vinculados á dixitalización.
- 498 5. Impulsar unha metodoloxía centrada nos discentes e apoiada nas tecnoloxías dixitais e nos  
499 recursos educativos abertos.
- 500 6. Potenciar as modalidades de aprendizaxe a distancia para garantir a igualdade de  
501 oportunidades da poboación en particular da do ámbito rural e para favorecer a conciliación da  
502 aprendizaxe coa vida familiar e profesional.
- 503 7. Aqueles outros que determine a consellería competente en materia de educación.

#### Artigo 14. *Funcións*

504 As funcións do Instituto galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta son:

- 505 1. Diseñar e xestionar todos os procesos administrativos cos interesados desde a admisión no  
506 sistema ata a emisión dos certificados que procedan, así como o proceso de aprendizaxe.
- 507 2. Impartir, en colaboración con outros centros, e a través dunha plataforma propia de  
508 formación, a oferta a distancia do sistema público de ensino de Galicia.
- 509 3. Diseñar, elaborar, xestionar e distribuír materiais didácticos específicos para a formación a  
510 distancia por medios telemáticos.
- 511 4. Poñer a disposición da cidadanía un sistema de orientación educativa e profesional ao longo  
512 da vida utilizando as ferramentas dixitais que mellor se adapten ás persoas interesadas, de  
513 acordo co marco das competencias educativas e de formación e orientación para o emprego.
- 514 5. Xestionar os procesos administrativos e todos aqueles necesarios para o efectivo  
515 funcionamento do Instituto como centro formativo.
- 516 6. Detectar e analizar as necesidades de educación e formación da poboación adulta que poidan  
517 ser atendidas na modalidade a distancia.
- 518 7. Manter actualizados os materiais didácticos das ensinanzas a distancia ofertadas polo  
519 Instituto.
- 520 8. Xestionar o catálogo de recursos educativos dixitais de acceso aberto, coa finalidade de  
521 potenciar a autoformación de toda a cidadanía.
- 522 9. Asegurar o acceso de toda a comunidade educativa aos materiais aloxados na plataforma  
523 formativa.
- 524 10. Aqueles outros que se establezan nas normas de desenvolvemento.

#### Artigo 15. *Organización e funcionamento do Instituto*



- 525 1. A consellería con competencias en educación poderá determinar unha rede de centros  
526 colaboradores que acheguen as ensinanzas do sistema galego de ensinanza ao longo da ao todo  
527 o territorio galego, especialmente ao entorno rural. En todo caso, o IGALVA será o encargado da  
528 coordinación da rede de centros colaboradores para a mellor atención ao alumnado e para  
529 asegurar a homoxeneidade da ensinanza ofertada nos centros colaboradores.
- 530 2. A consellería competente en materia de educación establecerá a estrutura e réxime de  
531 funcionamento do IGALVA, así como o sistema de provisión de postos de traballo do IGALVA,  
532 garantindo que se cumpran os requisitos específicos de formación tecnolóxica e pedagóxica  
533 para atender esta modalidade de ensinanza.
- 534 3. A consellería competente en materia de educación determinarán a oferta educativa do  
535 IGALVA, que en todo caso axustarase ao establecido no artigo 8 da presente lei.

### TÍTULO III

#### Ensinanzas a distancia

##### Artigo 16. *Principios reitores*

536 As ensinanzas a distancia impartidas deberán:

- 537 1. Sustentar o proceso de ensinanza-aprendizaxe nunha base pedagóxica de calidade e  
538 asentada en tecnoloxías dixitais.
- 539 2. Potenciar un modelo de aprendizaxe flexible, centrado no estudante e que combine a  
540 aprendizaxe autónoma coa actividade docente, a orientación académica e profesional e a  
541 aprendizaxe colaborativa.
- 542 3. Minorar no alumnado a desmotivación inherente a esixencia de autonomía e de  
543 autorregulación, propias da ensinanza a distancia, mediante unha acción titorial de calidade,  
544 cando proceda.
- 545 4. Enriquecer o proceso de aprendizaxe mediante unha interacción en liña entre iguais, tanto  
546 síncrona como asíncrona, empregando os recursos tecnolóxicos que ofrece a contorna virtual.

##### Artigo 17. *Oferta*

- 547 1. A consellería con competencias en materia de educación impulsará a oferta de ensinanzas a  
548 distancia, de calidade e actualizada.
- 549 2. Terán prioridade as ensinanzas que polas súas características poidan ofertarse de forma  
550 totalmente a distancia, co apoio de titorías non presenciais.
- 551 3. Ofertaranse ensinanzas a distancia que precisen titorías presenciais ou clases de carácter  
552 máis práctico, non obrigatorias para o alumando. Para impartir estas titorías e clases contarase  
553 co apoio de centros colaboradores, distribuídos polo territorio galego, co obxecto de favorecer  
554 o proceso da aprendizaxe dos interesados.

Artigo 18. *Catálogo de recursos dixitais*

- 555 1. A consellería con competencias en educación, a través do IGALVA, desenvolverá un catálogo  
556 de recursos dixitais mediante unha plataforma informática en liña, que ofrecerá, entre outros,  
557 os materiais didácticos e recursos para a modalidade a distancia.
- 558 2. O catálogo en liña para as ensinanzas a distancia cumprirá, cando menos, coas seguintes  
559 características:
- 560 a) Común para todas as ensinanzas, de forma que as persoas que cursen itinerarios  
561 formativos que abranguen diversas ensinanzas, lles sexa doado cambiar dunha  
562 ensinanza a outra, sen sufrir un cambio disruptivo na plataforma de ensino.
- 563 b) Accesible dende diversos tipoloxías de equipamentos informáticos, como  
564 ordenadores, *tablets* ou teléfonos móbiles.
- 565 c) Con contidos didácticos actualizados para todas as ensinanzas ofertadas.  
566 Impulsaranse especialmente os contidos audiovisuais.
- 567 3. Os recursos didácticos do catálogo en liña seguirán un patrón e terán unha estrutura e  
568 calidade común de acordo a un Manual de identidade e calidade das ensinanzas a distancia.

TÍTULO IV

**Orientación integrada educativa e profesional ao longo da vida**

Artigo 19. *Definición*

- 569 1. Enténdese a orientación integrada educativa e profesional ao longo da vida como un proceso  
570 continuo que permite á cidadanía determinar, en calquera momento da súa vida, as súas  
571 capacidades, competencias e intereses, tomar decisións en materia de educación, formación e  
572 emprego e xestionar o percorrido de aprendizaxe, esencial para o desenvolvemento persoal, a  
573 evolución profesional e a integración social e avanzar en termos de equidade e inclusión social.
- 574 2. O Sistema integrado de orientación educativa e profesional ao longo da vida estará  
575 centralizado no IGALVA e nel articularanse estruturas e servizos de orientación permanente, de  
576 acordo co marco das competencias educativas e de formación e orientación para o emprego.

Artigo 20. *Principios reitores*

- 577 A orientación integrada educativa e profesional do IGALVA deberá:
- 578 1. Favorecer a adquisición permanente das capacidades e competencias que axuden as persoas  
579 na xestión do propio itinerario persoal, formativo e profesional ao longo da vida, así como  
580 durante as transicións que teñan lugar entre o ámbito da educación, da formación e do traballo.
- 581 2. Garantir o acceso aos servizos de orientación a todas as persoas, con independencia da súa  
582 idade, sexo, procedencia, situación persoal ou laboral e nivel socioeconómico ou cultural.
- 583 3. Desenvolver a calidade dos servizos de orientación.
- 584 4. Desenvolver mecanismos de coordinación e cooperación entre as diversas unidades e  
585 servizos que integran os sistema de orientación en Galicia.

Artigo 21. *Liñas prioritarias*

586 As liñas prioritarias que desenvolverá o IGALVA serán as seguintes:

- 587 1. Ofrecer sistemas de información e orientación centrados no individuo para axudarlle a ser  
588 activo e autónomo en materia de educación, formación e traballo.
- 589 2. Ofrecer programas específicos para desenvolver as capacidades e competencias que  
590 permitan ás persoas xestionar as súas traxectorias de forma autónoma; reunir, analizar,  
591 sintetizar e organizar por si mesmas información de carácter educativo e profesional, así como  
592 as necesarias para adoptar as propias decisións e transicións.
- 593 3. Facilitar o acceso a toda a poboación mediante a combinación de diferentes modalidades de  
594 orientación: servizos en liña, webs de orientación profesional, e orientación personalizada.
- 595 4. Proporcionar información e asesoramento obxectivos e adaptados aos distintos públicos aos  
596 cales se dirixen, así como á realidade do mercado laboral.
- 597 5. Desenvolver servizos dirixidos a satisfacer as diferentes necesidades dos individuos,  
598 especialmente a aqueles sen emprego e con escasa formación.
- 599 6. Identificar aquelas habilidades para a xestión da formación e da carreira profesional que son  
600 específicas para atender as necesidades dos grupos de risco.
- 601 7. Desenvolver recursos de formación accesibles e relevantes para o persoal dos servizos de  
602 orientación; impulsar as súas competencias e capacidades de asesoramento e acompañamento,  
603 para dar respostas de calidade ás necesidades dos usuarios.
- 604 8. Medir a eficacia da orientación; recompilar datos relativos á percepción do servizo por parte  
605 das persoas usuarias, aos beneficios que obteñan a medio prazo e ao impacto que cause sobre a  
606 sociedade.
- 607 9. Impulsar a recollida sistemática de datos a fin de posibilitar o axuste do mapa dos servizos.
- 608 10. Realizar balances das políticas e prácticas de orientación.
- 609 11. Diseñar e desenvolver metodoloxías innovadoras que repercutan na calidade e impacto da  
610 orientación.
- 611 12. Elaborar normas de calidade que definan os obxectivos, os resultados para as persoas  
612 beneficiarias, os métodos e os procesos.
- 613 13. Elaborar e desenvolver unha política de orientación efectiva e ofrecer uns servizos de  
614 orientación integrados, harmónicos e coordinados.
- 615 14. Crear unha conexión clara entre as estratexias de aprendizaxe ao longo da vida e as de  
616 emprego e inclusión social.

TÍTULO V

**Instrumentos. Coordinación e participación administrativa**

Artigo 22. *Consello Galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta*

- 617 1. Créase o Consello galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta como órgano consultivo  
618 e de participación para a coordinación e seguimento das actuacións do Sistema galego para a  
619 aprendizaxe ao longo da vida.
- 620 2. O Consello estará presidido pola persoa titular da consellería con competencias en materia  
621 de educación e formarán parte do mesmo as persoas representantes das entidades e  
622 institucións que desenvolvan actividades relacionadas coa aprendizaxe ao longo da vida adulta.
- 623 3. A súa estrutura, organización e funcionamento determinaranse por decreto da Xunta de  
624 Galicia.
- 625 4. Serán funcións do Consello galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta:
- 626 a) Realizar o seguimento e a avaliación do Plan do Sistema galego para a aprendizaxe ao longo  
627 da vida adulta.
- 628 b) Promover as accións de aprendizaxe ao longo da vida previstas nesta Lei.
- 629 c) Avaliar periodicamente os resultados do Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida  
630 adulta.
- 631 d) Promover a difusión dos programas e accións formativas do Plan do Sistema galego para a  
632 aprendizaxe ao longo da vida adulta.
- 633 e) Impulsar a participación das distintas administracións, axentes sociais, organizacións da  
634 sociedade civil e organizacións do terceiro sector nos programas e actividades do Plan do  
635 Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida.
- 636 f) Calquera outra que lle sexa atribuída regulamentariamente.

*Artigo 23. Avaliación. Sistema de xestión da calidade*

- 637 1. Serán elementos integrantes do Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida a  
638 supervisión e a avaliación dos programas e os mecanismos de garantía de calidade, mediante un  
639 sistema de xestión da calidade.
- 640 2. A fin de garantir o deseño pertinente e a aplicación eficaz dos programas, estableceranse as  
641 ferramentas e os mecanismos necesarios para a súa supervisión e avaliación periódicas, que  
642 asumirán as seguintes características:
- 643 a) Adoptaranse as medidas adecuadas para o seguimento dos resultados da supervisión e a  
644 avaliación.
- 645 b) Farase recompilación e análise de datos de forma oportuna, fiable e válida.
- 646 c) Estableceranse prácticas eficaces e innovadoras de supervisión e avaliación.
- 647 d) Na avaliación dos programas, terase en conta o axuste dos programas ás necesidades de  
648 todas as partes interesadas, incluídas as do mercado laboral, a contextualización, que estean  
649 centrados nos discentes, o impacto da formación en relación ao acceso e mantemento do

- 650 emprego, a mellora da empregabilidade dos traballadores e a mellora da competitividade das  
651 empresas.
- 652 e) Garantirase o acceso equitativo, a participación sostida e a aprendizaxe sen discriminación,  
653 a efectividade e a eficacia do programa e o nivel de consecución dos obxectivos desexados, así  
654 como a eficacia dos recursos económicos e os medios empregados.
- 655 f) Estableceranse mecanismos que utilicen criterios de calidade adecuados e revisados  
656 periodicamente.
- 657 Disposición adicional única. *Requisitos dos centros privados*
- 658 Por orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación, poderán  
659 establecerse os requisitos específicos dos centros privados que soliciten autorización para  
660 impartir as ensinanzas regradas a distancia recollidas nesta lei.
- 661 Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*
- 662 Queda derogada a Lei 9/1992, de 24 de xullo, de educación e promoción de adultos e cantas  
663 disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei.
- 664 Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*
- 665 Autorízase o Consello da Xunta de Galicia a que dite cantas disposicións sexan necesarias para  
666 a execución e o desenvolvemento do establecido nesta lei.
- 667 Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*
- 668 Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.